

 EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA




Asociación Amadores da Música

BMMR

Banda de Música Municipal de Ribadeo

Concerto de Santa Cecilia

sábado 18 de novembro de 2006
Auditorio municipal Hernán Naval
20:30 h.



Disque dacordo co santoral cristián esta semana que está a punto de comezar é "semana dos músicos" pois o próximo mércores día 22 celébrase o día de Sta. Cecilia. Pero na Banda Municipal de Ribadeo (BMR) manexamos o calendario *My way*, ao noso xeito, que diría Sinatra, e como o mércores é día de traballo, "de garabullos" no léxico popular, nós tocamos o dezaoito, que é sábado.

Celebramos Sta. Cecilia, ou o día dos músicos, chámenlle como gusten, pero sen oficios relixiosos, nin ofrendas florais nin nada polo estilo, aquí tamén *My way*, facémolo con música, que é o noso. Os nosos particulares oficios diríxeos o responsábel da municipal ribadense, Lourenço Cruz, actuando como asistentes os cincuenta e pico mozos e mozas que conforman a BMR. As nosas oracións teñen forma de pasodoble, obertura ou fantasía, teñen nome propio e veñen asinadas por auténticos "deuses" dos pentagramas. Dun mestre da música galega é a obra que abre o programa desta noite, para os clásicos, un pasodoble, "dos de sempre", *Ponteareas*, de R. Soutullo. Logo deste pequeno aperitivo eucarístico – musical chegan os pratos fortes, a espectacular *Appalachian Overture* de James Barnes, e unha das pezas más aclamadas polo público ribadense ao longo da historia da BMR, prepárense porque volve aos atríns da BMR a fantasía latina *Camino Real* de Alfred Reed. O multiculturalismo é un dos sinais de identidade da música de aí que neste concerto haxa un oco para o veciño Portugal, con quen ademáis dun Río Miño "que non é fronteira senón arteria" (Toñito de Poi no seu último proxecto *A banda de Poi*) tamén compartimos a música da marcha *Comendador* de Amilcar Morais. E o noso periplo místico – musical co gallo de Sta. Cecilia olla tamén á Galicia de *acolá* e a quen foi por un tempo "deusa" do pobo arxentino, Evita Perón, coa música de Lloyd Webber, *Don't cry for me Argentina*. E para rematar, non nos queda máis que sumarnos ás pregarias de Freddy Mercury, Brian May e o resto da banda para pedir que *God save the Queen*.

Que a música os acompañe. Así sexa.

S.López, trompeta da BMR

PROGRAMA

Ponteareas *R. Soutullo*

Appalachian Overture *James Barrer*

El Camino Real *Alfred Reed*

Comendador A.S.A. Roque *Amilcar Morais*

Don't cry for me Argentina *Lloyd Webber*

God save the Queen *Carlos Marqués*

Director: Lourenço Cruz

